

Isaura Pazos Campos

Higinio Carracedo Ruzo non era un fuxido normal. Tiña en xaque a Garda Civil e os falanxistas da Estrada que levaban máis de dous anos intentando, sen éxito, darlle caza. Por iso, o 28 de novembro de 1938 botaron o resto naquela batida, tal e como conta o investigador estradense Xoán Carlos Garrido no seu blog Tabeirós Montes: “Ás cinco da mañá, 26 falanxistas (baixo a xefatura local de Felipe Castro Valladares) e cinco garda civís da Estrada (o cabo José Segade Gómez, Manuel Planas López, Eduardo Gutiérrez Peón e Antonio Herrera Domínguez) saíron á caza do home. O obxectivo era un mozo de 28 anos, que se convertera nunha lenda pola súa capacidade de burlar durante máis de dous anos as partidas falanxistas”.

“Suponse que ao meu pai o delataron. Non o sabe ninguén pero suponse”, di o seu fillo, Higinio Carracedo Pazos. Daquela tiña sete anos.

“Eu vino morto. Estaba coa cabeciña... Pola parte de atrás da tía María, a irmá da miña avoa, había como un patio alí cuns piornos e por atrás diso pasaba un carreiro de auga... A mala sorte del foi que non había millo alí... Estaba alí tirado e coa cabeza metida así no regueiro... Era moi pequeno para ver esas cousas e quedoume gravado”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos



Aquel foi o día que cambiou a vida de Isaura Pazos. O día que quedou viúva, que levaron présa a toda a familia por prestar apoio aos fuxidos, o primeiro día dunha condena de doce anos que a pecharía no cárcere de Pontevedra, a cidade na que, logo de ser liberada, viviría xa até a súa morte. Unha vida moi distinta á planeada con Higinio.

O seu tío Silverio era xefe dos municipais da Estrada e conseguíralle ao home traballo no corpo. Cando foi do golpe de Estado, Higinio mantívose fiel a aquel goberno que xurara defender. No libro Galicia y el Movimiento Nacional recóllese que mandou unha columna en Asturias, pero probabelmente regresou ao seu concello coa caída desta no outono de 1937 porque, o que é seguro, é que o seu papel foi clave na organización da resistencia antifranquista na Estrada, tal e como explica Garrido: “O certo é que Higinio nunca estivo inactivo e tratou de organizar a resistencia no noso concello, mais non co obxectivo de actuar de inmediato, senón de manter a raia os falanxistas para que se coidaran de internarse no monte, onde estaban centos de mozos que, ou ben por evitar ir á guerra ou por convicción, se agochaban mais tamén volvían ás súas casas unha vez que pasaba o perigo”.

Garrido explica que cada zona tiña o seu contrasinal para avisar da chegada dos falanxistas. En Cuntis asubiaban de certo xeito, en Guimarei a leiteira batía o cazo e en Somoza, a parroquia de Isaura, chamaban polo gando ao berro de Vaca to!. O fillo de Higinio lembra tamén que para avisar das batidas as mulleres acostumaban cantar.

Pero aquel 28 de novembro de nada valeron os contrasinais. Os falanxistas, pode que tras unha delación, atoparon no cortello do pai de Higinio, Antonio Carracedo, dous fuxidos: o deputado provincial Manuel Coto Chan e o fillo do cego de Guimarei, José Silva. Garrido apunta que podían ter previsto celebrar unha reunión da resistencia antifranquista, que na zona estaba liderada por Higinio.

“Tamén estaban no monte os irmáns da miña nai, Manuel e Xesús, pero nunca chegaron a estar presos. Entregáronse cando acabou a guerra e non lles pasou nada. Tíñaos agochados a miña avoa na súa casa, que tiña alí un foxo. Ao morrer o meu pai, os meus tíos xa non tiveron vida, porque meu pai era o que liou todo o cotarro. Eles estaban no monte e o meu pai era o que levaba a dirección de todos eles. Os dous eran agricultores e un quedou algo torto, non vía ben”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

O nomeamento de Carracedo como responsábel do comité organizador da resistencia recollíase nun apuntamento feito o 22 de xullo no libro de actas que, a pesar da clandestinidade, cubrían os fuxidos, entre eles os dous cuñados.



Á detención de Silva e Coto seguiulle unha brutal tortura para intentar dar co paradiro de Carracedo. Conseguiron que confirmaran que se agochaba na casa pero non o lugar exacto. Así que os falanxistas foron poñela patas arriba. Higinio temeu polas súas crianzas, a muller, a nai e as irmás e saíu ao ataque. Cargou contra garda civís e falanxistas mentres Isaura lle recargaba a escopeta e logrou saír da casa tras ferir un garda e o xefe local da Falanxe, pero foron tras del e abatérono xunto ao regato, paisaxe da última imaxe que Higinio tivo do seu pai, axiña rematado por unha manada de falanxistas que querían colgarse a medalla de ter cazado o fuxido máis famoso do Deza.

A familia non puido nin recoller o corpo. Leváronos todos presos. A Isaura coas dúas criaturas, á súa nai (Josefa Campos Plaza) e á nai e ás irmás de Higinio, Manuela Ruzo e as súas fillas: Celia, de vinte anos, e Berta, de 16. Ademais detiveron as veciñas Filomena Coto, Francisca Domínguez e as irmás Benedicta e Mercedes Castro Torrado, acusadas tamén de axudar aos fuxidos.

Non satisfeitos con iso, ampliaron a persecución a calquera persoa que tivera auxiliado a Isaura e iso levou á prisión as irmás estradenses Laura e Rosario Porto Mariño e a súa amiga María Silva Rodríguez. O delito? Terlle prestado dez pesetas a Isaura. A fuxida de Higinio convertera a Isaura, como a tantas outras mulleres, en sostén único da familia e todo o seu empeño foi que a fame non lle volvесе arrebatarse un fillo. Perdera a Alberto con sete meses e loitaba con uñas e dentes para manter a Higinio e Margarita. Hai unha lembranza desa carestía que aquel neno nunca puido esquecer:

“Tiña un coello e un día cheguei á casa e, cansados da verdura, fixeran para comer o coello. Non volví comer coello na vida”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Para matar a fame xa non podía pedirlle axuda á xente da Somoza, que tanto tiña achegado, e recorreu a Laura Porto, veciña súa no tempo que o seu home traballou como municipal na Estrada. Pero Laura non dispuña dos cartos e pediullos a súa irmá Rosario, que llos mandou por unha criada. Para facerllos chegar a Isaura, Laura deullos a outra coñecida, María Silva, quen tiña previsto ir a Somoza. Pero finalmente non fixo a viaxe e mandoullos por un sobriño de paso que ía ao instituto. Unha cadea de favores que trouxo consecuencias negativas para todos os elos. A criada de Rosario contoulle a un falanxista que “mandara cartos para os roxos” e, tras prendela, foi torturada para que delatase outras persoas colaboradoras da “cadea de socorro” e chegaron as detencións da súa irmá Laura e de María Silva, que foi apresada cando estaba co seu pequeno no medio da rúa e non a deixaron nin levalo á casa. Mesmo torturaron o sobriño, a pesar de ser un cativo. Nos interrogatorios insistiron en que só querían poderlle axudar a unha



nai que xa perdera un fillo pola fame pero estiveron retidas no calabozo estradense 40 días e, cando as puxeron en liberdade, foron denunciadas por facer unha manifestación á saída do cuartel –tras protestar pola detención- e ficaron presas de novo, sendo trasladadas ao cárcere de Pontevedra, onde xa estaba Isaura.

Tivérana sete días pechada na Estrada coas súas dúas criaturas pero cando a levaron para Pontevedra separárona do maior, que foi enviado a un hospicio. A pequena, Margarita, nacera en 1934 e permitíronlle quedar coa nai até que cumpriu anos. O seu destino entón era o hospicio e para evitarllo levouna para a casa unha muller de Poio, Adela Velasco, que acabara no cárcere tras un problema xurdido no seu traballo como mariscadora.

“Ela tivera un problema traballando co marisco e estaba presa tamén. Gustoulle tanto a rapaza que cando saíu díxolle a miña nai: “Deixa que a leve eu”, e levouna. A miña irmá estivo uns anos aí, até que saíu a miña nai e xuntounos a todos. Ela estivo ben. Tratárona como se fora máis que unha filla”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

A experiencia de Higinio no hospicio non foi tan doce. O día que chegou levou a súa primeira labazada:

“Eu cheguei alí, sentáronme nun banco:

-¿Cómo te llamas?

-...

-¡Dime como te llamas!

Pum! Hostión e metéronme debaixo do banco. Cando eras pequeno, puñan *un maior, que estaba dentro tamén, para coidar de ti e foi el... cousas de alí*”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Non foi o día máis amargo para Higinio. Lembra con especial tristeza o día da súa primeira comunión.

“Eu fixen a Comunión no hospicio e leváronme visitar á miña nai. Ía vestido de traxe... estiven alí todo o día. Leváronme ao mediodía e até a noite. (Ponse a chorar) Ela choraba...”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

A pesar diso séntese agradecido ao hospicio:

“Alí tratáronme ben. Eu estou agradecido ás monxas(...) A maioría da xente, dos rapaces, andaban por aí ás piñas e tiñan que comer na rúa. Eu tiña tres comidas seguras, unha cama, vestíanme e calzábanme. Mandáronme ao



hospicio pero paseino mellor que moitos que non quixeron ir e andaban por aí”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Unhas das consecuencias máis terribéis que tivo o silencio imposto polo terror franquista foi que nalgúns casos lograron convencer á descendencia de loitadores pola democracia como Higinio Carracedo de que a súa era unha loita equivocada. E o fillo de Isaura ten máis reproches cara ao seu pai que cara ao réxime que o asasinou:

“Se ti non sabes ler e escribir, como vas escribir un libro? Quero dicir que o meu pai sabía ler e escribir pero non estaba preparado para estar nese *mejunge* que se meteu (...) El debeu pensar sempre, antes que nada, na súa familia”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Incluso ve máis responsabilidade nas agrupacións de esquerda que defenderon a II República que nos golpistas:

“O que matou a xente foi a Casa do Pueblo, porque entraron alí e souberon todos os que eran e os que non eran... Souberon os nomes de todos, levaron listas e sabían nomes, apelidos, familias, sabían todo (...) Daquela época non había moita xente inocente”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

En ningún momento lle falou Isaura dos logros da República, dos ideais que perseguía o seu pai.

“Despois de que saíu (do cárcere) nunca quixo saber máis nada nin permitía que se falara diso. Nada (...) En democracia ía votar pero non sei a quen. O voto é segredo, sempre. Ela viu morrer a Franco pero non dixo nada. Nunca falou del, nin ben nin mal. Quedou de Franco até os *huevos*.”

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Cando saíu do cárcere, Isaura foi acollida un tempo pola muller que estaba criando a Margot, como lle chaman na casa á pequena dos Carracedo Pazos, até que atopou unha casa en Santa María e puido sacar a familia adiante, grazas ao estraperlo. Higinio, que daquela tería uns doce ou trece anos, tamén colaborou co negocio familiar:

“Ían a Portugal buscar as cousas (...) Daquela eu alugara unha bicicleta, montaba nela, metía dez, quince ou vinte quilos de café e ía até San Antoniño. Eu levaba a mercadoría até alí un día antes ou así e deixábana na casa dunha amiga da miña nai, que pasaba no autobús camiño á feira e recollíao (...) Tiña outra amiga, Josefa, que traballaba en *La Estradense* e era cómplice do



contrabando que metían na liña (...) Levábao até Santo Antoniño porque os paraban moito aquí, na costa de San Vicente, pero ao pasar de aí... Chegou a facer Silleda, o máis afastado A Estrada, pero despois era demasiado lonxe e xa non ía alá”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Foi levando mercadorías á Estrada que a sorprenderon os gardas e Isaura volveu ir ao cárcere:

“En Santo Antoniño foi a Garda Civil e cazounos. Sacáronlle o que levaban e acabaron todas a hostias coa Garda Civil”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

O episodio, recollido polo historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro no seu blog *Pontevedra nos anos do medo*, non só levou á prisión a Isaura, tamén a Rosalía Goris Cousido, a Matilde Casalderrey e á súa irmá Carmen, tamén viúva doutro republicano asasinado polos fascistas: Albino Sánchez, o Perrita.

Conta Álvarez Castro que o 7 de xuño de 1948, con motivo da feira na Estrada, a Garda Civil montou un control no quilómetro 115 da estrada a Santiago. Tiñan un aviso de que nos autobuses había mercadorías de contrabando. Nun atoparon 18 quilos de café, 54 de azucre, 35 de garavanzos, 6 de arroz, máis de dous de chocolate e outros dous de sopa. Noutro, 15 de café, 55 de azucre, 25 de garavanzos, 6 de sopa e 4 de xabón. Isaura foi a única pasaxeira que recoñeceu ser a propietaria dunha cesta con seis quilos de arroz, catro de azucre, un de garavanzos e unha libra de chocolate. Alegou que eran para a súa nai, que vivía na Estrada pero os gardas civís incautoullos. Foi entón cando naquela muller sometida polo silencio imposto, resucitou outra, a do tempo antes do cárcere, que cargaba a escopeta do home acurralado para loitar contra os represores. E apoiada polas irmás Casalderrey e Rosalía Goris enfrontáronse aos gardas. Segundo o parte destes baixaron do ómnibus “*insultando a la fuerza y tratando de agredirla, para lo que arrojaban sobre la misma los bultos de mercancía que había sido intervenida y piedras, excitaban al resto de viajeros que se unieran a ellas en su propósito de agredirlas e impedir el que se llevase a cabo la intervención de la mercancía*”.

Uns sete meses calcula o fillo, que daquela tiña 14 anos, que estaría a súa nai presa por estes feitos. Pero co estraperlo conseguiu sacalos adiante e cando o fillo maior xa estaba casado, emigrou con el a Venezuela e para sacar uns cartiños traballou servindo.



Foi o seu propio fillo o que a axudou a mellorar as nocións de escrita e cálculo. Isaura apenas sabía ler e escribir pero a forza de ir ás feiras non era doado enganala coas contas:

“Ela sabía ler e escribir e eu ensineille a mellorar o que xa sabía. E os números. Metía as mans atrás e facía as contas pero para enganala custaba, eh? (...) Puñámonos de acordo a miña irmá e mais eu pero non eramos capaces de enganala. Puña as mans atrás, porque lle daba vergoña e calculaba”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Higinio non volvera pisar á Estrada desde o día que mataron o seu pai. Fíxoo por vez primeira en novembro de 2013, cando se cumpría o 75 aniversario do seu asasinato e a asociación Vagalumes lle rendeu unha homenaxe.

“Estaba todo igual. O forno onde estivera o meu pai agochado, todo... a casa estaba igual que cando viviamos nós”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Higinio non volvera pisar á Estrada desde o día que mataron o seu pai. Fíxoo por vez primeira en novembro de 2013, cando se cumpría o 75 aniversario do seu asasinato e a asociación Vagalumes lle rendeu unha homenaxe.

“Estaba todo igual. O forno onde estivera o meu pai agochado, todo... a casa estaba igual que cando viviamos nós”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

A asociación buscaba o sitio onde fora enterrado o seu pai:

“Nunca o soubemos. Vin o meu pai morto e inmediatamente fomos todos presos en fila india. Cando saíu do cárcere, a miña nai andou buscando o seu corpo por mediación dun que era o meu padriño, que era procurador... pero ninguén sabía nada. Agora din que si está na parte de atrás da igrexa pero non se sabe de certo”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

Aquel 28 de novembro, Higinio non só perdeu todo contacto co seu lugar de nacemento, tamén coa súa familia paterna.

“Despois do xuízo as miñas tías e a miña avoa quedaron absoltas pero nunca viñeron verme ao hospicio. Nunca. E eu nunca volví á Estrada”.

Higinio Carracedo, fillo de Isaura Pazos

O 28 de novembro, os fascistas asasinaron a Higinio Carracedo Ruzo e tamén a vida futura da súa muller e a súa descendencia. Acabaron cunha familia enteira.